

# **PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO**

CPI LUÍS DÍAZ MORENO

CURSO 2022-23

# INDICE

1. ORGANIZACIÓN XERAL DO CENTRO.....	3
1.1 ANÁLISE DO ENTORNO SOCIAL E CULTURAL.....	3
a) Localización do centro e horario.....	3
b) Perfil das familias.....	4
c) Necesidades do alumnado.....	4
d) Relación coas institucións do entorno.....	5
1.2. SEÑAS DE IDENTIDADE.....	6
a) Valores.....	6
b) Obxectivos.....	7
c) Prioridades de actuación.....	11
1.3. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO.....	12
a) Oferta educativa.....	12
b) Servicios complementarios.....	12
c) Participación en programas institucionais.....	12
2. CONCRECIÓN CURRICULAR.....	14
2.1. ASPECTOS CURRICULARES XERAIS.....	14
a) Metodoloxía.....	14
b) Criterios de avaliacións.....	14
c) Criterios de promoción e titulación.....	17
d) Criterios xerais para a elaboración das programacións.....	23
e) Concreción de oferta de materias específicas e de libre configuración.....	23
f) Plan específico para alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso.....	23
g) Programa de recuperación de materias pendentes de cursos anteriores.....	24
h) Actuacións en caso de actividade lectiva non presencial.....	24
2.2. PLANS E PROXECTOS.....	25
a) Plan de atención á diversidade (Decreto 229/2011) (ANEXO I).....	25
b) Plan de orientación e plan de acción tutorial (Orde 24 de xullo de 1998) (ANEXO II).....	25
c) Proxecto lingüístico (Decreto 79/2010)(ANEXO III).....	25
Addenda anual (art. 14.4).....	25
d) Proxecto lector (art. 38 Decreto 86/2015 (ANEXO IV).....	25
(Plan anual de lectura).....	25
e) Plan Dixital (Resolución 3 de setembro de 2021) (ANEXO V).....	25
f) Medidas para a promoción de estilos de vida saudables (art.40 Decreto 86/2015) (ANEXO VI).....	25
3. AUTONOMÍA ORGANIZATIVA.....	26
3.1 PLAN DE CONVIVENCIA (ANEXO VII).....	26
3.2. NORMAS DE ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMENTO E CONVIVENCIA (ANEXO VIII).....	26
3.3. PLAN DE IGUALDADE (ANEXO IX).....	26
3.4. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN (ANEXO X).....	26
4. AUTONOMÍA DE XESTIÓN.....	26
4.1. RECURSOS EDUCATIVOS DOS QUE DISPÓN O CENTRO.....	26
4.2. PROXECTO DE XESTIÓN ECONÓMICA.....	26
4.3 PLAN DE ACCIÓN PARA OBTENCIÓN DE RECURSOS COMPLEMENTARIOS.....	27

# 1. ORGANIZACIÓN XERAL DO CENTRO

## 1.1 ANÁLISE DO ENTORNO SOCIAL E CULTURAL

### a) Localización do centro e horaio

O CPI Luís Díaz Moreno está situado en Baralla (municipio da provincia de Lugo), que pertence á comarca dos Ancares. Limita ó norte cos municipios de Baleira e Castroverde, ó sur co de Láncara, ó leste cos de Baleira e Becerreá e ó oeste cos de Láncara e O Corgo. O noso alumnado procede, esencialmente, das parroquias do Concello de Baralla, Castroverde (Páramo) e Láncara (Vilaesteva) e, como sucede noutras zonas rurais, a maioría é usuario do transporte e do comedor escolar. O transporte inflúe, así o cremos, notablemente, no rendemento dos alumnos/as, xa que o horario marcado e imposto pola administración para facer compaxina-los transportes en dous ou tres centros distintos, responde a criterios económicos e non educativos.

#### Horario actual

- Horario de verán (setembro e xuño):
  - o EI e EP: de 10.10 a 15.10 (media hora de tempo de lecer: 13.00 a 13.30).
  - o ESO: de 10.10 a 15.10 (con 15 minutos de tempo de lecer: 12.45 a 13.00, e 25 minutos no caso dos venres: 12.30 a 12.55).
- Horario de outubro a maio:
  - o EI e EP:
    - Luns: de 10.10 a 14.10 (con 20 minutos de tempo de lecer) e de 15.20 a 17.15.
    - Martes a xoves: 10.10 a 14.10 (con 20 minutos de tempo de lecer) e de 16.15 a 17.15.
    - Venres: de 10.10 a 13.45 (con 15 minutos de tempo de lecer).
  - o ESO:
    - Luns a xoves: de 10.10 a 14.35, e de 15.35 a 17.15 (con 15 minutos de tempo de lecer).
    - Venres: de 10.10 a 13.45 (15 minutos de tempo de lecer).

As estradas están en proceso de mellora, sendo o principal inconveniente comunicativo a climatoloxía e a orografía montañosa, que se acusa especialmente durante o inverno.

Cando neva copiosamente o desprazamento faise difícil e moi puntualmente pode ocasionar a necesidade de suspender as clases nesas datas.

#### b) Perfil das familias

En canto á situación económico-social xeral das familias do alumnado, pódese considerar de tipo medio-baixo, dedicándose, unha boa parte, ó sector primario. O grao de atención ás necesidades primarias dos alumnos/as (vestimenta, alimentación, hixiene, material escolar...) é, na maioría dos casos, o aceptable.

Igualmente o nivel de estudos é tamén medio – baixo, pero resulta conveniente diferenciar entre aquelas familias cuxos compoñentes teñen maior idade, que adoitan ter un nivel de estudos inferior, e as familias máis novas, cun maior nivel de escolarización (todos coa ensinanza básica cursada e, con certa frecuencia, con estudos medios).

As maiores expectativas educativas que teñen as familias para os seus fillos e as súas fillas aprécianse na moita maior frecuencia con que nas últimas décadas os/as alumnos/as continúan os seus estudos tras terminar a ensinanza obrigatoria. Ademais, advírtese un interese manifesto dos pais/nais na participación nos asuntos relacionados coa educación dos seus fillos e das súas fillas, asistindo en número importante ás reunións e actividades ás que son convocados.

#### c) Necesidades do alumnado

As necesidades primarias do alumnado, na maioría dos casos, están totalmente cubertas polas familias. Nos casos excepcionais onde isto non se cumpre interveñen os servizos sociais.

As necesidades educativas que presenta o noso alumnado están cubertas polas distintas ferramentas de atención á diversidade coas que contamos no centro (Departamento de Orientación, figuras de PT e AL, así como na participación en programas destinados a tal fin).

Dende que comenzo a situación COVID-19, estase a valorar ás necesidades do noso alumnado co respecto ó nivel informático, tanto en coñecementos e manexo das diferentes ferramentas, como material nos domicilios, garantindo dende o centro que todo o alumnado conte con igualdade de oportunidades en caso de educación semipresencial ou a distancia.

#### d) Relación coas institucións do entorno

##### ASOCIACIÓNS DE PAIS/NAIS DO ALUMNADO E RELACIÓN COAS FAMILIAS

O Centro garantizará os espazos pertinentes para a realización de actividades e para a celebración de reunións. Colaborará tamén na organización de actividades extraescolares que a ANPA leve a cabo.

Ademais disto celébrase, cando menos, unha reunión entre o titor/a e os pais/nais do alumnado ó principio de cada curso; as familias recibirán periodicamente a información necesaria sobre o progreso dos seus fillos/as e serán recibidas, nas horas correspondentes, polo profesorado, para atender cuestións relativas ó rendemento e comportamento dos alumnos/as.

##### ASOCIACIÓN CULTURALS

O Centro permitirá utilizar as instalacións do ximnasio en horario extraescolar a colectivos da vila que o soliciten por careceren de instalacións alternativas. A tal efecto, nas NOF estableceranse as normas de utilización que deben respectarse para garantir a conservación e limpeza das instalacións.

Solicítase tamén, cando así se decida, a participación dalgunha asociación cultural en celebracións como o Nadal, Letras Galegas...

##### CONCELLO

- Coordinación nos días de fortes nevadas ou xeadas para establecer o perigo da circulación do transporte escolar polas estradas. Se se estima conveniente, suspéndese o servizo á espera dunha mellora no estado das mesmas.
- Emisión de bandos a petición do Centro informando sobre asuntos de interese xeral relacionados co mesmo, como poden ser as datas e requisitos de matriculación do alumnado, actividades culturais do Centro, etc.
- Solicitude de axuda ao Concello de Baralla para temas puntuais que non permitan ao Centro a súa resolución por carecer do persoal adecuado (cortar a herba do recinto, plantar árbores...).

- Respecto dos servizos sociais pretendemos ter unha coordinación estable e efectiva. Coa asistencia social da zona trátanse os casos de alumnos/as que necesitan a actuación deste servizo pola súa problemática especial no seu entorno familiar.

## OUTRAS

- Coa Cruz Vermella, Garda Civil, Xefatura de Tráfico e diversas O.N.G. realizaranse actividades para o tratamento dos temas transversais.
- Mantense unha relación estable co IES e o Centro de Capacitación de Alta Montaña de Becerreá e co persoal encargado do Programa “Espazo para as familias” na nosa zona.
- Recibimos nunha xornada de convivencia ao alumnado de Espazo para as Familias que se incorporará no seguinte curso ao noso Centro.

## 1.2. SEÑAS DE IDENTIDADE

### a) Valores

- Recoñécese o interese superior do menor ou da menor, o seu dereito á educación e a obriga que ten o Estado de asegurar o cumprimento efectivo dos seus dereitos.
- Adóptase un enfoque de igualdade de xénero a través da coeducación e foméntase en todas as etapas a aprendizaxe da igualdade efectiva de mulleres e homes, a prevención da violencia de xénero e o respecto á diversidade afectivo-sexual.
- Recoñécese a importancia de atender a calquera forma de violencia dende o ámbito educativo.
- Formúlase un enfoque transversal orientado a que todo o alumnado teña garantías de éxito na educación por medio dunha dinámica de mellora continua dos centros educativos e unha maior personalización da aprendizaxe.
- Recoñécese a importancia de atender o desenvolvemento sustentable de acordo co establecido na Axenda 2030, incorporando os coñecementos, capacidades, valores e actitudes que necesitan todas as persoas para vivir unha vida frutífera, adoptar decisións fundamentadas e asumir un papel activo –tanto no ámbito local como

mundial— á hora de afrontar e resolver os problemas comúns a todos os cidadáns do mundo.

Por outro lado, no referente á educación en valores, nas programacións de cada ciclo e/ou área, deberá recollerse a incorporación da educación en valores, que será tratada dun xeito transversal, e que poderá afectar á selección de contidos (textos que traten determinados temas), á metodoloxía (participativa, clima de relación na aula...), ó sistema de avaliación (consensuando datas, valorando actitudes...), ás actividades (debates...)... Porén, os valores serán tamén transmitidos a través da cultura organizativa do centro, do seu sistema de participación e xestión, e do conxunto de normas polas que se rexe no día a día. Estes valores ós que nos estamos a referir aparecen xa recollidos no Cap.I “Principios e fins da educación” da LOE, e conforman a dimensión ética da competencia social e cidadá.

#### b) Obxectivos

### OBXECTIVOS DO CENTRO TENDENTES A LOGRAR A NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Trátase dun centro no que a grande maioría do alumnado ten o galego como lingua materna e habitual, polo que as accións para lograr a normalización lingüística xirarán en torno a:

- Integrar o alumnado estranxeiro, facéndoo partícipe de todas as actividades do centro, especialmente daquelas que organiza o EDNL (concursos...).
- Evitar que o galego se convirte nunha lingua recesiva ó entrar en contacto co castelán.
- Fomentar a valoración da cultura propia, como base da que partir para o coñecemento e valoración das outras.

Por outro lado, nas programacións de lingua e/ou literatura galega de tódalas etapas, debe figurar expresamente que será necesario acadar un dominio da lingua oral axeitado á idade do alumnado para superar a materia.

## ADECUACIÓN Ó CONTEXTO DO CENTRO DOS OBXECTIVOS XERAIS DAS DIFERENTES ETAPAS

Os obxectivos xerais de cada etapa aparecen recollidos na lexislación vixente. Aínda que todos son preceptivos, dadas as características do contexto do centro, deberase insistir especialmente en:

En Educación Infantil

- Ser capaz de expresar pensamentos, emocións e vivencias con coherencia.
- Ser capaz de facer diálogos e estruturar o coñecemento.
- Gozar lendo, escoitando e expresándose de forma oral e gráfica (debuxos e preescritura).
- Coñecer a serie numérica ata o 9, asociando as grafías dos nove primeiros números coas cantidades correspondentes.
- Recoñecer as formas xeométricas planas.
- Realizar clasificacións e seriacións sinxelas.
- Coñecer os nove primeiros ordinais.
- Iniciarse na suma e na resta manipulativamente
- Recoñecer o uso de diferentes formas de medida.
- Coñecer as nocións básicas de medida.
- Coñecer os cuantificadores básicos
- Coñecer as posicións dun corpo no espazo.
- Coñecer as nocións básicas de orientación temporal.
- Coñecer algúns instrumentos tecnolóxicos.
- Saber solicitar, agradecer e despedirse segundo as formas socialmente establecidas.
- Comportarse adecuadamente nos lugares destinados a diversión e ó lecer.
- Expresar sentimentos e desexos propios e comprender os alleos.
- Empregar adecuadamente as técnicas, os útiles e materiais da expresión plástica.
- Coñecer e usar as cores primarias e secundarias.

- Gusto pola participación e a creación propia.
- Ser capaz de determinar as características máis significativas do seu propio corpo.
- Ser capaz de determinar algunhas transformacións que se producen ao longo tempo. Mostrar respecto polas características diferenciais das persoas.

#### En Educación Primaria

- Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
- Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.

#### En Educación Secundaria Obrigatoria

- Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas

do mundo.

- Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

#### c) Prioridades de actuación

En canto ás **prioridades de actuación**, e tendo presentes os principios e fins recollidos na lexislación vixente, coidamos que, dadas as características do noso centro (alumnado, familias, recursos do entorno...), debemos:

- Potenciar que o alumnado, dun xeito progresivo, asuma responsabilidades na súa propia educación, e adquira hábitos de estudo.
- Acadar o nivel académico axeitado ó final de cada curso, ciclo e etapa; especialmente no referente ós contidos instrumentais, necesarios para afrontar con éxito outras materias.
- Intervir no momento en que algún alumno/a presente dificultades de aprendizaxe, evitando que vaia acumulando estes problemas ano tras ano.
- Promover o enriquecemento cultural do alumnado, valorando tamén as tradicións do seu entorno.
- Potenciar a utilización das novas tecnoloxías como recurso educativo.

- Fomentar o interese pola lectura, a través do uso da biblioteca, club de lectura, proxecto lector...
- Mellorar o clima de convivencia entre o alumnado.
- Promover hábitos de respecto ás instalacións do centro, mobiliario e material educativo como expresión da valoración do común e público.

### 1.3. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO

#### a) Oferta educativa

No CPI Luís Díaz Moreno impártense tres etapas educativas: Educación Infantil, Educación Primaria e ESO.

En Educación Infantil lévase a cabo, dende o curso 1999-2000, un programa de anticipación da lingua estranxeira. Cómpre tamén mencionar que, nesta etapa, existe un período de adaptación durante o mes de setembro, no que a metade do alumnado de 3 anos asiste ó centro ás primeiras horas da mañá; e a outra metade, ás seguintes; de xeito que toman contacto coa aula e o centro sen necesidade de permanecer nel durante toda a mañá. En ESO, o alumnado, en función dos recursos do centro e da aprobación da IE, beneficiase de desdobres e agrupamentos específicos que afectan, sobre todo, ós dous primeiros cursos da etapa. O alumnado exento de Francés en 1º e 2º segundo a normativa vixente seguirá un programa de Apoio e Reforzo nas áreas instrumentais. A partir de 2º de ESO ofertarase, cando se dan as circunstancias precisas, un programa de mellora de aprendizaxe e do rendemento (Decreto 86/2015 do 25 de xuño).

En canto á oferta de optatividade e materias de libre configuración, esta adáptase á normativa vixente.

#### b) Servicios complementarios

No centro contamos con comedor de xestión directa e transporte.

#### c) Participación en programas institucionais

O centro ten participado en diversos programas (Programa de mellora do éxito escolar, Comenius...). O proxecto con máis tradición no centro é o **PLAMBE**, que leva varias anos funcionando. Dentro da Biblioteca tamén estamos a participar nos proxectos de

**Bibliotecas Creativas e Radio na Biblio.** Esteamos abertos á participación noutros, de feito, elabórase cada ano o **Proxecto de fomento do uso do galego** e está en funcionamento un **Club de lectura**.... Tamén participamos dende o curso 2013-14 nos **Contratos Programa**, e nalgún dos proxectos do **Plan Proxecta** como o Proxecto Ríos.

Tal e como se recolle no Proxecto Lingüístico do Centro, a partir do curso 2013-14 este CPI participa no proxecto de **seccións bilingües** regulado pola orde do 12 de maio de 2011, cos seguintes obxectivos e dispoñendo dos recursos que a continuación se mencionan.

Obxectivos xerais

- Aumentar as competencias comunicativas do alumnado en lingua inglesa conectando, deste modo, a educación coas demandas da sociedade actual.
- Ofrecer ó noso alumnado similares posibilidades de aprendizaxe dunha lingua estranxeira ás que poderían ter nun entorno urbano.
- Fomentar valores como o respecto á diversidade de linguas e culturas.

Obxectivos específicos

- Mellorar a competencia comunicativa do alumnado a través do traballo das destrezas básicas (listening, speaking, reading, writing and oral interaction).
- Desenvolver a competencia comunicativa dos alumnos/as en inglés, utilizándoo como vehículo de comunicación habitual na aula e creando situación reais de comunicación.
- Adquirir a competencia comunicativa necesaria para desenvolverse en situacións cotiás.
- Adquirir e utilizar correctamente de forma oral e escrita o vocabulario específico da área ou materia.

Recursos humanos e materias

Contamos cos recursos materiais necesarios, tanto no que respecta ó soporte informático e audiovisual, como a espazos libres destinados a desenvolver os contidos das materias co uso das TICs. Aínda que necesitaríamos unha maior dotación de material bibliográfico e audiovisual en inglés para as áreas e materias que se implican no proxecto.

As seccións bilingües que temos aprobadas son: Plástica 1º EP e Plástica 2º EP

## **2. CONCRECIÓN CURRICULAR**

### **2.1. ASPECTOS CURRICULARES XERAIS**

#### a) Metodoloxía

No relativo a este punto seguirase a lexislación vixente que cabe concretar nalgúns aspectos; así, no que se refire ó tratamento de competencias clave e á metodoloxía, cómpre dicir que cada materia incidirá máis nunhas competencias ca noutras; porén, pódense chegar a acordos que afecten a tódalas materias; así, no caso de ESO e EP, no referente á competencia lingüística, atenderase en tódalas áreas ós seguintes puntos:

- a) Non aceptar traballos mal presentados, con caligrafía ilexible e/ou repletos de faltas de ortografía.
- b) Non dar por válidas respostas a exercicios (ben de clase, ben de exames) mal redactadas, nas que non se exprese claramente o que se quere dicir.
- c) Intentar incorporar máis actividades nas que sexa necesario redactar, en detrimento daquelas que se limitan a encher ocos, a unir conceptos...

Tamén, na elaboración das programacións de ciclos e/ou materias, teranse en conta os seguintes aspectos:

- Salientar aquelas aprendizaxes básicas e imprescindibles e seleccionar aqueles contidos que sexan máis relevantes para acadar competencias.
- Procurar que o alumnado aprenda a aprender (participe na planificación e na toma de decisións sobre o traballo, controlando os procesos, usando conscientemente estratexias de aprendizaxe e sendo progresivamente máis autónomo).
- Favorecer o traballo cooperativo e a resolución pacífica de conflitos.
- Fomentar habilidades para a busca, selección e tratamento da información.

#### b) Criterios de avaliacións

### **Educación Primaria**

Segundo a orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, a avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase

a cabo tomando como referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos da etapa os criterios de avaliación e, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe que se recollen no Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Os referentes da avaliación no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirlle a promoción ao curso ou á etapa seguinte.

A avaliación do alumnado será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe.

No contexto deste proceso de avaliación continua, cando o progreso dunha alumna ou dun alumno non sexa o axeitado estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, con especial seguimento da situación do alumnado con necesidades educativas especiais, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.

### **Educación Secundaria Obrigatoria**

Segundo a orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación, a avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos da etapa os criterios de avaliación e, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe que se recollen no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Os referentes da avaliación no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirlle a promoción ao seguinte curso ou a obtención do título de graduado ou graduada en educación secundaria obrigatoria.

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado de educación secundaria obrigatoria será continua, formativa e integradora.

No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dunha alumna ou dun alumno non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, con especial seguimento da situación do alumnado con necesidades educativas especiais, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.

O carácter integrador da avaliación non impedirá que o profesorado realice de xeito diferenciado a avaliación de cada materia ou ámbito tendo en conta os seus criterios de avaliación e, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe de cada unha delas.

Ao longo de cada curso realizaranse para cada grupo tres sesións de avaliación parciais. Así mesmo, farase o seguimento da recuperación das materias ou dos ámbitos pendentes, se fora o caso.

O período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final dedicárase a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e tutoría. Nese sentido, para o alumnado que teña materias ou ámbitos con partes sen superar logo de realizada a terceira avaliación parcial, o equipo docente realizará un breve informe de avaliación individualizado que debe servir de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación. A cualificación definitiva das materias ou dos ámbitos farase efectiva na avaliación final de curso.

A persoa titora recollerá en acta, para cada sesión de avaliación, as decisións e os acordos acadados referidos a cada alumna e alumno, e ao grupo no seu conxunto.

As decisións adoptadas polo equipo docente irán referidas á promoción e á titulación do alumnado, ás medidas de atención á diversidade e a todas as que incidan no proceso educativo do alumnado. De non existir unanimidade no equipo docente, a toma de decisións requirirá o acordo favorable da maioría simple dos seus membros.

Cada Departamento recollerá na súa programación os criterios de avaliación, utilizando como referentes os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliábeis da lexislación vixente.

c) Criterios de promoción e titulación

### **Educación primaria**

Ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto da etapa, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de xeito colexiado, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor. A promoción no resto de cursos da etapa será automática.

O alumnado que acade a promoción de curso con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara o curso anterior.

O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase se, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfase curricular ou as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno, o equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento. Nese caso, o equipo docente organizará un plan específico de reforzo para que, durante ese curso, a alumna ou o alumno poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes. Esta decisión só poderá adoptarse unha vez durante a etapa, oídas as nais, os pais ou as persoas que exerzan a titoría legal, e terá, en todo caso, carácter excepcional.

Ao finalizar os cursos segundo e cuarto da etapa o profesorado titor emitirá un informe sobre o grao de adquisición das competencias de cada alumna ou alumno, indicando, de ser o caso, as medidas de reforzo que se deben prever no ciclo seguinte.

Co fin de garantir a continuidade do proceso de formación do alumnado, cada alumna ou alumno disporá ao finalizar a etapa dun informe elaborado pola súa titora ou polo seu titor sobre a súa evolución e o grao de adquisición das competencias desenvolvidas. No caso de alumnado con necesidades educativas especiais, o informe deberá reflectir as adaptacións e medidas adoptadas, e a súa necesidade de continuidade na seguinte etapa escolar.

## **Educación Secundaria**

Ao finalizar cada un dos cursos da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa promoción. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á consecución dos obxectivos, ao grao de adquisición das competencias establecidas e á valoración das medidas que favorezan o progreso da alumna ou do alumno, e tendo en conta os criterios de promoción.

Para os efectos do disposto no punto anterior, acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que superase as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores. Ademais de nos casos anteriores, o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

- a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
- b) Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte.
- c) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.
- d) Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

e) O equipo docente, sen menoscabo da súas competencias, entenderá que se compren as condicións reflectidas nos puntos b), c) e d) nos seguintes casos:

- 1 No caso de avaliación negativa en tres materias e a nota media destas sexa superior a 3.
  - 2 No caso de avaliación negativa en catro ou máis materias e a nota media destas sexa igual a 4.
- f) No caso de que as materias estean agrupadas en ámbitos, aos efectos de promoción terase en conta por cantas materias está formado cada un deles.

O alumnado que acade a promoción de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias, destinado á súa recuperación e á súa superación.

Para o caso indicado no punto anterior, cada Departamento elaborará un plan de reforzo que será reflectido na súa programación, seguindo o establecido no artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

No caso de producirse unha promoción excepcional baixo a decisión colexiada do equipo docente, o plan específico personalizado do alumno/a requerirá dun seguimento máis continuado (mínimo dúas acreditacións por avaliación) tanto por parte do profesorado implicado como do titor/a, informando de xeito regular ás familias da evolución de dito plan de recuperación.

O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase logo de esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno. En todo caso, a permanencia no mesmo curso planifícarase de maneira que as condicións curriculares se adapten ás necesidades do alumnado e estean orientadas á superación das dificultades detectadas, así

como ao avance e ao afondamento nas aprendizaxes xa adquiridas. Estas condicións recolleranse nun plan específico personalizado con cantas medidas se consideren adecuadas para este alumnado.

Para o caso indicado no punto anterior, cada Departamento elaborará un plan de reforzo que será reflectido na súa programación, seguindo o establecido no artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

En todo caso, a alumna ou o alumno poderá permanecer no mesmo curso unha soa vez, e dúas veces como máximo ao longo do ensino obrigatorio. De xeito excepcional poderase permanecer un ano máis no cuarto curso, aínda que se esgotase o máximo de permanencia, sempre que o equipo docente considere que esta medida favorece a adquisición das competencias establecidas para a etapa. Neste caso poderase prolongar un ano o límite de idade a que se refire o artigo 4.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

### *Consello orientador*

Ao finalizar o segundo curso entregaráselles aos pais, ás nais ou ás persoas que teñan a tutoría legal de cada alumna ou alumno un consello orientador. Este consello incluírá un informe sobre o grao de logro dos obxectivos e de adquisición das competencias correspondentes, así como unha proposta a pais, nais ou tutores ou titoras legais, ou, de ser o caso, á alumna ou ao alumno, da opción que se considere máis adecuada para continuar a súa formación, que poderá incluír a incorporación a un programa de diversificación curricular ou a un ciclo formativo de grao básico.

Igualmente, ao finalizar a etapa ou, de ser o caso, ao concluír a súa escolarización, todo o alumnado recibirá un consello orientador individualizado que incluírá unha proposta sobre a opción ou as opcións académicas, formativas ou profesionais que se consideran máis convenientes. Este consello orientador terá por obxecto que todo o alumnado atope unha opción adecuada para o seu futuro formativo.

Ademais de nos casos anteriores, cando o equipo docente considere conveniente propor a pais, nais, titores ou titoras legais, ou á alumna ou ao alumno a súa incorporación a un ciclo formativo de grao básico ou a un programa de diversificación curricular, ou ao primeiro curso dun programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento, nalgún outro curso en que resulte de aplicación, a devandita proposta formularase a través dun consello orientador que se emitirá con esa única finalidade.

Este consello orientador elaborarao o profesorado titor, logo da información recollida na sesión de avaliación final e co asesoramento do departamento de orientación. Levará a sinatura do profesorado titor e da persoa que exerza a xefatura do departamento de orientación, e o visto e prace da dirección do centro docente. O consello orientador incluírase no expediente da alumna ou do alumno.

Polo que se refire a **TITULACIÓN**:

Ao finalizar o cuarto curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa titulación. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á adquisición das competencias establecidas e á consecución dos obxectivos da etapa, sen prexuízo do establecido no artigo 7.2 da Orde do 25 de xaneiro de 2022, e tendo en conta os criterios de titulación.

Para os efectos do disposto no punto anterior, obterá o título de graduado en educación secundaria obrigatoria o alumnado que supere todas as materias ou ámbitos cursados. Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.

b) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirise as competencias establecidas.

c) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.

d) O equipo docente, sen menoscabo da súas competencias, entenderá que se compren as condicións reflectidas nos puntos b) e c) nos seguintes casos:

- No caso de avaliación negativa nunha ou en dúas materias, e as notas destas sexan iguais ou superiores a 3.
- No caso de avaliación negativa en tres ou máis materias, e as súas notas sexan iguais a 4.

e) No caso de que as materias estean agrupadas en ámbitos, aos efectos de titulación terase en conta por cantas materias está formado cada un deles.

O alumnado que, logo de finalizado o proceso de avaliación do cuarto curso de educación secundaria obrigatoria, non obteña o título e supere os límites de idade establecidos no artigo 4.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, tendo en conta así mesmo a prolongación excepcional da permanencia na etapa que prevé a propia lei no artigo 28.5, poderao facer nos dous cursos seguintes a través da realización de probas ou actividades personalizadas extraordinarias das materias que non superase, de acordo co currículo establecido e coa organización e instrucións que dispoña a Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional.

### *Matrícula de honra*

As alumnas e os alumnos que, logo da avaliación final do cuarto curso, obtivesen unha nota media do cuarto curso igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no cuarto curso.

En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no cuarto curso de educación secundaria obrigatoria sexa inferior a vinte, poderá concederse unha mención

de matrícula de honra. En caso de haber máis dun/ha alumno/a que reúna os requisitos para obter a matrícula de honra, esta lle será concedida ao/á alumno/a que teña maior nota media nas materias cursadas en 4º de ESO. De continuar o empate, será concedida ao/á alumno/a que teña maior nota media nas materias cursadas en 3º e 4º de ESO. No caso de continuar o empate, será concedida ao/á alumno/a que teña maior nota media nas materias cursadas en toda a etapa secundaria.

d) Criterios xerais para a elaboración das programacións

Os criterios para a elaboración das programacións son as determinadas por Inspección educativa

e) Concreción de oferta de materias específicas e de libre configuración

Coa entrada en vigor da LOMCE, nos cursos de 4º e 6º de EP aparece 1h de libre configuración que o centro adicará a Radio Escolar.

Coa LOMLOE desaparece 1h de libre configuración en 1º ESO. En 2º ESO mantense o Obradoiro de educación emocional como materia de libre configuración.

O Proxecto Competencial en EP traballará as competencias mediante a música e o teatro. En ESO traballaranse as competencias nesta materia tendo como centro de investigación contidos referidos ao Camiño de Santiago.

f) Plan específico para alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso

Creemos conveniente que se detectan problemas serios na progresión dun alumno/a, é mellor que a repetición se faga canto antes, sempre que se teñan aplicado previamente as medidas ordinarias de atención á diversidade oportunas. Dito isto, as medidas de reforzo das diferentes áreas e materias poderán observar as seguintes liñas xerais, priorizando aquelas que se adapten mellor a cada caso en concreto :

- Fichas individualizadas con actividades de reforzo dos contidos non adquiridos ou adquiridos parcialmente.
- Traballo individualizado con eles ou elas adaptando os obxectivos ás capacidades do alumno/a.

- Actividades moi pautadas para tratar de conseguir os obxectivos propostos.
- Seguimento individualizado.
- Probas orais ou escritas, se se considera preciso.
- Seleccionar actividades adecuadas aos coñecementos previos do alumnado.
- Traballar fundamentalmente as competencias instrumentais.
- Organizar actividades de reforzo da competencia que máis necesiten coa colaboración do Departamento de Orientación.
- Establecer relacións frecuentes e directas coas familias.

g) Programa de recuperación de materias pendentes de cursos anteriores

O alumnado que promocióne sen ter superadas todas as materias seguirá un programa de reforzo educativo destinado a recuperar as aprendizaxes non adquiridas e deberá superar a avaliación correspondente ao devandito programa. Os programas de reforzo das diferentes materias adaptaranse ás seguintes liñas xerais:

- Cadernos de traballo con actividades correspondentes aos contidos asignados trimestralmente.
- Axuda individualizada na organización do traballo e atención individualizada na resolución de dificultades.
- Avaliación mediante probas parciais ao longo do curso ou calquera outro mecanismo avaliador . Nas probas deberá acadar un mínimo de 3.
- Avaliación final nas datas marcadas oficialmente (mes de maio), para o alumnado que non realice as actividades propostas ao longo do curso.

h) Actuacións en caso de actividade lectiva non presencial

O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado preferentemente a través da aula virtual de cada grupo (ou mediante blog no caso dos primeiros niveis). O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles, ben achegados polo profesorado ou ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen co contido da materia ou a

avaliación continua da mesma. O centro identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión ou falla de equipamento para que a Consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.

Durante o período de suspensión da actividade presencial o centro educativo ten previstas as seguintes medidas:

- a) Manter contacto permanente coas familias con videoconferencias ou os medios necesarios para elo.
- b) Manter a actividade lectiva habitual por medio da aula virtual, cun sistema establecido de prazos para a entrega de traballos.
- c) Realización de videoconferencias dentro do horario lectivo para poñer as tarefas, explicar conceptos e aclarar dúbidas do alumnado. Recoméndase a realización de videoconferencias para o alumnado en quendas con grupos reducidos, de tal xeito que aseguremos a participación de tod@s @salumn@s.
- d) As videoconferencias con participación de todo o grupo estable de convivencia terán como obxectivo principal a motivación do alumnado, manter o contacto co grupo e marcar liñas xerais de traballo.
- e) Manter reunións de coordinación do profesorado para evitar a acumulación de tarefas e distribuílas dun xeito apropiado para o alumnado.
- f) A través da Xefatura de Estudos realizarase un calendario das reunións de cada clase co fin de que non coincidan no tempo e permitir así a participación do profesorado especialista.
- g) Procurarase que o profesorado especialista dispoña dun horario para manter a súa actividade lectiva virtual cos seus grupos de alumn@s en coordinación co profesorado titor.

## **2.2. PLANS E PROXECTOS**

- a) Plan de atención á diversidade (Decreto 229/2011) (ANEXO I)
- b) Plan de orientación e plan de acción titorial (Orde 24 de xullo de 1998) (ANEXO II)
- c) Proxecto lingüístico (Decreto 79/2010)(ANEXO III)  
Addenda anual (art. 14.4)
- d) Proxecto lector (art. 38 Decreto 86/2015 (ANEXO IV)  
(Plan anual de lectura)
- e) Plan Dixital (Resolución 3 de setembro de 2021) (ANEXO V)
- f) Medidas para a promoción de estilos de vida saudables (art.40 Decreto 86/2015) (ANEXO VI)

### **3. AUTONOMÍA ORGANIZATIVA**

#### **3.1 PLAN DE CONVIVENCIA (ANEXO VII)**

#### **3.2. NORMAS DE ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMENTO E CONVIVENCIA (ANEXO VIII)**

#### **3.3. PLAN DE IGUALDADE (ANEXO IX)**

#### **3.4. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN (ANEXO X)**

### **4. AUTONOMÍA DE XESTIÓN**

#### **4.1. RECURSOS EDUCATIVOS DOS QUE DISPÓN O CENTRO**

Na actualidade, a totalidade das aulas de EP e ESO dispoñen de pizarra dixital, así como ordenador, proxector e acceso a internet.

Cada ciclo e departamento dótase dos recursos educativos que consideran máis axeitados para levar a cabo as súas programacións, utilizando as partidas orzamentarias que se lles adxudican anualmente.

A nivel de centro, estase coidando a estética do mesmo, dotando os patios de xogos educativos, mediante graffitis, pizarras e todas aquelas ferramentas axeitadas para proporcionar, no tempo de lecer do alumnado, alternativas que fomenten a creatividade e a boa relación entre o alumnado.

#### **4.2. PROXECTO DE XESTIÓN ECONÓMICA**

A responsabilidade en canto a xestión económica do centro recae na Dirección e na Secretaría do centro. Anualmente preséntase o balance económico das contas do centro ao

Claustro e ao Consello Escolar. En canto ao comedor, ese balance preséntase trimestralmente.

Anualmente elabóranse uns presupostos onde se informa a cada ciclo ou departamento o presuposto que lles corresponde.

Anualmente réunese a comisión económica, conformada no Consello Escolar do mes de setembro.

#### **4.3 PLAN DE ACCIÓN PARA OBTENCIÓN DE RECURSOS COMPLEMENTARIOS**

Sen prexuízo de que o centro reciba os recursos económicos necesarios para cumprilos seus obxectivos con criterios de calidade, estamos abertos a obter recursos complementarios. Estes recursos son aplicados ós gastos de funcionamento e non poderán proceder das actividades desenvolvidas polas asociacións de pais e de alumnos no cumprimento dos seus fins.

O centro poderá ademais recibir achegas voluntarias dos pais de alumnos ou outras institucións, de acordo co establecido na lexislación vixente, se así se considera necesario.